



Concello de Outeiro de Rei

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR CONCESION DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

Artigo 1.- Imposición e ordenación.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, artigos 4.1 a) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo público descrito na presente Ordenanza Fiscal, consoante ao disposto nos artigos 20 e seguintes da citada lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible a concesión, polo prazo de noventa e nove anos, dos nichos construídos polo concello no Cemiterio Municipal.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión aos que se lle fose outorgada.

Artigo 4.- Cota tributaria.

A cota tributaria será a seguinte:

- a) Pola concesión de nicho de 3 plazas sin adosar ao peche: 730 euros
- b) Pola concesión de nicho de 4 plazas sin adosar ao peche: 910 euros

Artigo 5.- Devengo.

A obriga de contribuir nace no momento de outorgarse a concesión.

Artigo 6.- Xestión da taxa.

Unha vez outorgada a concesión notificaráse ao interesado a correspondente liquidación tributaria. O pago da cota tributaria deberá facerse efectivo previamente á entrega do título concesional.

As concesións enténdense outorgadas baixo a condición suspensiva do pago da correspondente cota tributaria.

Disposición final primeira

Poderán obter a condición de concesionarios tódolos veciños de Outeiro de Rei, así como os seus familiares en primeiro grado.

As concesións se outorgarán por rigurosa orde de solicitude.



Concello de Outeiro de Rei

No suposto de que con carácter sobrevido o concesionario perdese a condición de veciño do concello de Outeiro de Rei, e sempre que non se produxera un enterramento no nicho obxecto da concesión, o Concello, previa audiencia do interesado, poderá revogar a concesión nas seguintes condicións:

a).- No suposto de que o expediente de resolución se inicie a solicitude do concesionario o Concello devolverá ao interesado o 100% da cuota tributaria.

b).- No suposto de que a perda da condición de veciño se derivara dun cambio de domicilio xustificado por cambios das súas circunstancias laborais ou de saúde dalgún dos membros da unidade familiar e o expediente de resolución se inicie de oficio polo Concello, éste devolverá ao interesado o 90% da cuota tributaria.

c).- No suposto de que a perda da condición de veciño non se xustificara nos motivos expresados na letra anterior e o expediente de resolución se inicie de oficio polo Concello, éste devolverá ao interesado o 80% da cuota tributaria.

Se a resolución é instada polo titular da concesión nos seis primeiros meses trala perda da condición de veciño ésta conlevará en todo caso a devolución do 100% da cuota tributaria.

Non serán indemnizables as obras ou melloras realizadas sobor os nichos.

[Ordenanza aprobada na sesión plenaria deste concello de data 26/04/2013. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 147 de 28/06/2013].